

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 3 de maio de 2010**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e seis minutos do día tres de maio de dous mil dez e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(534).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 19 de abril de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.



III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4512.489.0001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 (quinze mil) euros, a favor da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización dunha programación ó longo do ano e da proxección de películas en versión orixinal.

V.- Que a entidade Cineclub Lumière Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3525/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A entidade Cineclub Lumière Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización dunha programación anual de películas en versión orixinal e, concretamente, a:

1º.- Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural.

2º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.

3º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.

4º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Animación sociocultural; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para todos os luns dos períodos indicados do exercicio 2010, unha vez estean rematadas as obras de reforma e acondicionamento do recinto, para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á entidade, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso

*intentaríase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose o Concello da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.*

*2º.- Conceder directamente a Cineclub Lumière Vigo, unha subvención por importe de 15.000,00 (quinze mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da programación e proxección de películas en versión orixinal.*

*O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2080.00065.39.0040026131, domiciliada en Caixa Catalunya, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:*

*a) Un primeiro pagamento por importe de 7.500,00 euros, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período xaneiro-xuño.*

*b) Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 7.500,00 euros, o día 20 de decembro.*

*En ambos os casos, a entidade deberá presentar previamente a través do Rexistro Xeral Solicitud de pagamento e Memoria-avaliación das actividades, conforme o recollido no pacto noveno deste convenio.*

*A comprobación da subvención corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Animación sociocultural encargado do seguimento do convenio, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados. O dito informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.*

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.*

*Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.*

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.*

*Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.*

*Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.*

*Décimo sétimo.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.*

*Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.*

*Vixésimo.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, e o seu acceso será controlado mediante cobro de entradas. A xestión das entradas e da recadación será total responsabilidade da ENTIDADE.*

*Vixésimo primeiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.*

**3(536).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA. EXPTE. 3476/335.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.04.10, o informe de fiscalización do 23.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 19.04.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a tramitación urxente do expediente de contratación do servizo de impartición de ensinanzas da Escola Municipal de Danza.

2º.- Aprobar o gasto de 260.000,00 euros para a contratación do devandito servizo, que se imputarán á partida 3380.227.9901 dos presupostos dos anos 2010, 2011 e 2012, que se repartirán da seguinte maneira:

- 52.000,00 euros (mensualidades de setembro a decembro), que se aplicarán ó exercicio presupostario do ano 2010;
- 130.000,00 euros, que se aplicarán ó exercicio presupostario do ano 2011;
- 78.000,00 euros (mensualidades de xaneiro a xuño), que se aplicarán ó exercicio presupostario 2012.

3º.- Aprobar o devandito expediente, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 05/02/2010 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 23/02/2010.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a inserción de anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o Diario Oficial de Galicia.

**4(537).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS REMITIDOS POR ASESORÍA XURÍDICA.**

Dáse das seguintes Sentenzas e Autos remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica:

a) Senteza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 31/2010. Demandante: D. JUAN E. MONTENEGRO MARTÍNEZ. Obxecto: Resolución do 17/11/2009. Sanción de tráfico. Expediente: 098731021. Desestimado o recurso.

b) Sentenza do X. Primeira Instancia nº 8 de Vigo no procedemento Ordinario nº 662/09. Demandante: Dª MARÍA ROSARIO GONZÁLEZ RIVEIRO E OUTRO. Obxecto: Acción declarativa de dominio. Estimado parcialmente.

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela. RC-A nº 278/2008 P.O. Demandante: CONCELLO DE VIGO. Obxecto: Resolución Consellería Medio Ambiente da Xunta de Galicia do 26/02/08 sobre requirimento de anulación de outra

anterior do 18/05/07. Expte.: Aproveitamento Hidroeléctrico do encoro de Eiras. Inadmisibilidade do recurso.

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 25/06 P.O. Demandante: RENFE OPERADORA. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 14861/240. Inadmisibile o recurso.

- Sentenza do TSXG no rec. Apelación nº 4246/08, interposto por RENFE OPERADORA contra a devandita sentenza. Estimado parcialmente.

e) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 39/2009 P.A. Demandante: D<sup>a</sup>. ELISABETH PETROVICH RILL. Obxecto: Desestimación presunta (expresa serodia do 25-11-09) reclamación patrimonial. Expte.: 1899/243. Desestimento da actora.

f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 322/2009 P.A. Demandante: D<sup>a</sup>. BENITA GARCÍA PÉREZ E OUTRO. Obxecto: Resolución do 02.09.2009 reclamación patrimonial. Expte.: 1850/243. Desestimado o recurso.

g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 342/2009 P.A. Demandante: D. MANUEL PÁRAMO PÉREZ. Obxecto: Resolución do 30 xuño 2009 (en reposición). Sanción de Tráfico. Expte.: 098628032. Estimado parcialmente.

h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 336/09 P.A. Demandante: D JOSE GERMÁN REY GOMEZ. Obxecto: Resolución do 16/09/09. Estimación parcial con imputación a contratista, reclamación patrimonial. Expte.: 920/243. Estimado parcialmente.

i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 357/2009. Demandante: D. MANUEL PARAMO PÉREZ. Obxecto: Sanción de tráfico. Expediente: 098633506, 098655302, 098655539 e 098655642. Estimado parcialmente.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 240/09. Demandante: CREPE DA PEDRA, S.A. Obxecto: Resolución do 07/10/09 (en reposición). Sanción por contaminación acústica, r/ Oliva 10.b. Expediente: 5937/306. Desestimado o recurso.

l) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº 45/2009 P.O. Demandante: D<sup>a</sup>. MIGUELA MEDRANO MARTÍN. Obxecto: Desestimación presunta reclamación patrimonial. Expte.: 1792/243. Estimado parcialmente.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do seu contido.

**5(538).- PROPOSTA DE DESESTIMENTO DO RECURSO DE SUPPLICACIÓN INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA SENTENZA DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DOS DE VIGO SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITOS E CANTIDADES A D<sup>a</sup>. SUSANA GONZÁLEZ TORRES. EXPTE. 5952/111.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do titular da Asesoría Xurídica, do 16.04.10, no que se recolle a comparecencia de dona Susana González Torres, a Xunta de Goberno local acorda:

Desistir do recurso de suplicación interposto polo Concello de Vigo contra a Sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 5 dos de Vigo, de data 12 de febreiro de 2010, no procedemento núm. 936/2009, seguido fronte ao Concello de Vigo a instancia de dona Susana González Torres, sobre recoñecemento de dereito e cantidades.

**6(539).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTES. 14/1682, 01/1474, 11/704.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar as seguintes persoas:

- D<sup>a</sup>. Carmen Usera de Mesa. Expte. 11/704.
- D<sup>a</sup>. Julia Diz Rodríguez. Expte. 01/1474.
- D<sup>a</sup>. Dolores Peiteado García. Expte. 14/1682.

**7(540).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN ÉRGUETE PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE DO PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES. EXPTE. 49581/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.04.10, o informe de fiscalización do 22.04.10, e de acordo co informe-proposta do director de CEDRO, do 18.01.10, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración coa Asociación de Ayuda al Toxicómano Erguete, para a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, na cidade de Vigo para o ano 2010.

2º.- Aprobar o gasto por un importe de 45,000 € con cargo á partida 41234890000, “conv. aloxamento alternativo Érguete.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE AXUDA Ó TOXICÓMANO ÉRGUETE PARA O PROGRAMA DE PISOS DE APOIO Á INCORPORACIÓN SOCIAL DE DROGODEPENDENTES. ANO 2010**

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de 2010

**REUNIDOS**

*Dunha parte D<sup>a</sup> María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*E doutra, D<sup>a</sup> Carmen Avendaño Otero, dni. 35956947N, na súa calidade de Presidenta da Asociación de Axuda o Toxicómano “Érguete”, con CIF. G-36.642.726 e con enderezo social na Avda. Martínez Garrido, 21 Interior, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

**MANIFESTAN**

*I.- Que a Asociación Érguete de axuda ó toxicómano, é unha organización non gubernamental (ONG) inscrita no Rexistro Municipal co número 178/91, declarada de Utilidade Pública polo Ministerio do Interior segundo Real Decreto 1786/96, de 19 de xullo, e inscrita como entidade prestadora de servizos sociais na Xunta de Galicia.*

*A Asociación Érguete ven desenvolvendo a súa actividade en Vigo, no campo das drogodependencias, levando a cabo diversos programas de axuda que complementan a actividades asistenciais e de incorporación social das administracións local e autonómica.*

*Desde o ano 2002, a Asociación Érguete dispón dun programa de apoio residencial para persoas drogodependentes en tratamento nas unidades asistenciais de drogodependencias do Plan de Galicia sobre Drogas en Vigo, que se desenvolve en tres pisos ou centros de réxime residencial temporal nos que, mediante unha actuación programada, se posibilitan oportunidades de axuste persoal e incorporación sociolaboral das persoas en situación de risco de exclusión social.*

*Este programa de apoio residencial vai dirixido a persoas drogodependentes en tratamento que teñen alcanzado unha estabilidade no seu proceso terapéutico, e que necesitan dun recurso dese tipo para progresar na súa incorporación social, sendo o obxectivo principal a adaptación do usuario ó medio social a través dun programa de residencia temporal nunha vivenda normalizada coa supervisión de profesionais.*

*Para o desenvolvemento deste programa, a Asociación Érguete conta con tres vivendas urbanas, en réxime de aluger, ubicadas na cidade de Vigo, adaptadas ao marco normativo que regula este tipo de dispositivos de atención sociosanitaria.*

O seguimento da evolución dos usuarios realízase, de forma coordinada, xunto cos terapeutas de referencia das unidades asistenciais de drogodependencias da área de Vigo.

II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servicios públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servicios sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.

A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servicios sociais e de promoción e inserción social.

Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de acollida e inclusión.

A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.

O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.

O vixente Plan de Galicia sobre Drogas, en correspondencia co determinado no RD 1911/1999, establece un papel específico para as administracións locais para o desenvolvemento –entre outras- de políticas específicas de prevención de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social dos usuarios de drogas, e a coordinación de intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local. Asimesmo, establece que as funcións sinaladas para a Administración local terán a súa articulación a través de, entre outros, plans municipais de drogodependencias -que deberán dispoñer de partidas e aplicacións orzamentarias propias, sen perxuício do financiamento que poidan recibir a través dos convenios de colaboración que establezan coa Consellería de Sanidade e outras administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais-, programación centrada na prevención e incorporación social, e apoio e coordinación coas ONGs da súa zona de influencia.

A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas 2009-2012, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de planes municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional.

O Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, prorrogado para 2010, en correspondencia co determinado no RD 1911/1999, establece un papel específico para as administracións locais para o desenvolvemento –entre outras- de políticas específicas de prevención de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social dos usuarios de drogas, e a coordinación de intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local. Así mesmo, establece que as funcións sinaladas para a Administración local terán a súa articulación a través de, entre outros, plans municipais de drogodependencias -que deberán dispoñer de partidas e aplicacións orzamentarias propias, sen perxuício do financiamento que poidan recibir a través dos convenios de colaboración que establezan coa Consellería de Sanidade e outras

administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais-, programación centrada na prevención e incorporación social, e apoio e coordinación coas ONGs da súa zona de influencia.

O Plan de Galicia sobre Drogas vixente, no que se refire aos obxectivos específicos en materia de inclusión social, recolle a posta en marcha, ou a continuidade, se é o caso, de recursos residenciais de apoio á incorporación social, fundamentalmente na modalidade de pisos. Así mesmo, establece, como criterio xeral, que todas as actuacións que se implementen en materia de incorporación social asistencial se desenvolverán en colaboración coas organizacións non gobernamentais e os municipios que traballan neste ámbito, de acordo co criterio xeral de corresponsabilidade social e participación cidadá.

O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal ten subscritos convenios de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servicio Galego de Saúde, para a realización de programas de prevención, servicios asistenciais e de incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.

No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a potenciación e coordinación dos recursos residenciais urbanos específicos de atención a drogodependentes, mediante a sensibilización das administracións competentes para a normalización destes recursos e a súa adecuada financiación e a mellora das infraestructuras e os recursos humanos dos recursos xa existentes.

O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4123 4890000, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 45.000 €, a favor da Asociación Érguete .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanzamento da actividade dos pisos de apoio á incorporación social para drogodependentes en tratamento na área de Vigo que xestiona a Asociación Érguete.

V.- Que a Asociación Érguete non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese (social, deportivo, cultural etc.) que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Érguete, o Concello de Vigo e a dita Asociación Érguete convenian a súa colaboración no ámbito da incorporación social para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## PACTOS

### *Primeiro.-*

*A Asociación Érguete comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a realización da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes, descrito de maneira pormenorizada no anexo 1 e, concretamente, a:*

- 1. Realizar a contratación de persoal técnico, segundo táboa de anexo 1, para execución da actividade asistencial*
- 2. Asumir a xestión xeral do programa*
- 3. Contribuir o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.*
- 4. Cumprir as directrices técnicas do Plan de Galicia sobre Drogas e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.*

*En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia*

### *Segundo.-*

*O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*Conceder directamente á Asociación Érguete, unha subvención para o exercicio 2010 por importe de 45.000 euros co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade do programa de pisos de apoio á incorporación social de drogodependentes.*

### *Terceiro.-*

*Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

### *Cuarto.-*

*Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 45.000€ con cargo ao programa de gastos 4123, partida 4890000, do vixente exercicio presupuestario*

Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:

- a) 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.
- b) 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.

Quinto.-

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos

Sexto.-

No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Concellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

Sétimo.-

Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de Érguete e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servizos Sociais.

Oitavo.-

A Asociación Érguete comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.

*Noveno.-*

*A Asociación Érguete poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

*Décimo.-*

*A Asociación Érguete comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2011, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.*

*A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- ◆ *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- ◆ *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
  3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
  4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*

*Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

*Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo primeiro.-*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.-*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.*

*Décimo terceiro.-*

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.-*

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.-*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá*

*o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.-*

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.-*

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.*

*Décimo oitavo.-*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

#### **8(541).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de fiscalización, e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a MEDIA ARTICKET S.A. as fianzas de 6.465,52 € e 7.341,68 €, constituídas para responder da produción das festas de verán 2008 lote 2 e das festas de verán 2009 lote 1, respectivamente, xa que os servizos foron prestados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3150/241.

b) Devolver a PRODUCCIONES EMSAC S.L. as fianzas de 6.100,00 € e 6.260,00 €, constituídas para responder da produción das festas de verán 2009, lotes 2 e 3, respectivamente, xa que os servizos foron prestados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3132/241.

c) Devolver a Oresco S.A. as seguintes fianzas xa que as obras foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía:

- A fianza de 4.086,88 €, constituída para responder do remate das obras do centro cultural da asociación de veciños de Candeán. Expte. 2835/241.
- A fianza de 5.608,39 € constituída para responder da execución do proxecto adicional do centro cultural de Cabral-Becerreira. Expte. 2864/241.
- A fianza de 442,04 €, constituída para responder da execución do Proxecto Reformado nº 2 do Hospital Municipal. Expte. 2869/241.
- A fianza de 42.246,23 € constituída pra responder da execución da obra correspondente ó proxecto de construción do Mercado de Cabral. Expte. 2879/241.
- A fianza de 7.207,34 € constituída para responder da execución do proxecto e construción da casa para acollida de mulleres en Vigo, na rúa Pintor Lugrís nº 5. Expte. 2874/241.
- A fianza de 10.260,60 € constituída para responder da execución da obra de construción do Centro Cultural de Cabral. Expte. 2839/241.
- A fianza de 5.986,08 €, 3.029,10 €, 588,41 € e 452,48 € constituídas para responder da execución do Proxecto de Centro de Rehabilitación, do Proxecto Adicional-Reformado, do Proxecto Adicional-Reformado para novo acceso e do Proxecto Adicional-Complementario, respectivamente. Expte. 2856/241.

d) Devolver a EQUIPAMIENTO INSTITUCIONAL S.A. a fianza de 861,00 €, constituída para responder do suministro de armas para a Policía Local, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3139/241.

e) Devolver a MOPAVI S.L.U. a fianza de 1.443,90 €, constituída para responder do suministro de motocicletas para a Policía Local, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 34237/212.

f) Devolver a MANTENIMIENTOS Y CONSTRUCCIONES ALCUBA S.A. a fianza de 89.672,00 €, constituída para responder da construción dunha escola infantil na rúa Palencia, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 22/02/2008 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3140/241.

g) Devolver a LA FIESTA ESCÉNICA S.L. a fianza de 2.050,00 €, constituída para responder do deseño e produción das carrozas para a cabalgata de Reis 2010, xa que os servizos foron prestados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3143/241.

h) Devolver a PLANS ESTRATÉXICOS TERRITORIAIS DE TRANSPORTE E AMBIENTAIS S.L. a fianza de 2.586,21 €, constituída para responder do servizo de asistencia técnica para a coordinación e supervisión das obras no Casco Vello con cargo ó FEIL, xa que os servizos foron prestados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3142/241.

i) Devolver a HPC IBERICA S.A. as fianzas de 795,28 € e 2.433,37 €, constituídas para responder da contratación de materiais para parques infantís e para a sumministración de elementos de xogos para parques infantís, respectivamente, xa que as sumministracións foron recibidas mediante acta de 17/07/2009 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2746/241.

**9(542).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 153.937,02 A PROL DE LINORSA POLOS TRABALLOS DE LIMPEZA NA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18869/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.03.10, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 153.937,02 euros, IVE engadido, polo servizo de limpeza en centros municipais perante o mes de febreiro de 2010, que se imputarán a partida presupostarias 12102270000 do vixente exercicio.

**10(543).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL E DA CASA DO CESTEIRO. EXPTE. 3339/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.04.10, o informe de fiscalización do 26.03.10, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 15.01.10, conformado polo delegado da Área de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Modificar o contrato de Xestión do Centro de Artesanía Tradicional e da Casa do Cesteiro, adxudicado á empresa VAN Divulgación Cultural, S.L., no sentido de incorporar entre os servizos a prestar polo contratista os de monitoraxe de cestería dentro do programa formativo da Casa do Cesteiro, coas peculiaridades da prestación saeguinte:

O contratista destinará como mínimo a dous profesionais a maiores dos xa asignados para a xestión do contrato anterior do CAT, cunha disponibilidad mínima para o Concello de 20 horas

semanais, no Centro de Artesanía Tradicional, na rúa Subida ó Castelo, 10, ou en aquelas instalacións distintas en que sexan requeridos, en función das necesidades e programación. As características que deben cumprir estes traballadores son, como mínimo, as seguintes:

- Experiencia profesional en programas formativos de xeito continuado en cestería tradicional mínimo de 8 anos
- Participación en programas educativos en cestería tradicional
- Participación en obradoiros e demostracións de fomento e divulgación da cestería tradicional: feiras, encontros, certámenes...
- Ter a carta de artesano, expedida pola Xunta de Galicia, en vigor

A prestación do servizo iniciárase o 01-04-2010 e rematará o 15 de novembro de 2010

2º.- O custo da modificación do contrato é de 20.636,85 euros. euros que poden imputarse á partida 4531.227.06.01. dos presuposto do ano 2010.

3º.- Previamente a formalización da modificación do contrato, VAN Divulgación Cultural, S.L. terá que constituir unha garantía definitiva por importe de 889,52 euros.

**11(544).- REVISIÓN DO PREZO DO CONTRATO DO SERVIZO DE AMPLIACIÓN, SUBSTITUCIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN, SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS DA REDE SEMAFÓRICA. EXPTE. 18863/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 8.02.10, conformado pola concelleira de Contratación, e fiscalización de conformidade pola xefa do Servizo de Fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión do prezo do contrato do servizo de ampliación, substitución, mantemento, conservación, subministración, instalación e explotación das instalacións da rede semafórica, adxudicado polo Pleno do Concello de Vigo ( 28/04/2003) a empresa UTE Esycsa- Etra, nos importes seguintes:

O prezo do contrato a partir do 1 de xulio de 2009, quedará establecido na cantidade de 2.365.415,12 euros/ ano, e os seguintes importes parciais:

- Mantemento conservación e reparación: 1.479.648,17 euros.
- Subministro e instalación para renovación de equipos e instalacións segundo o plan establecido no prego de precripcións técnicas: 546.951,53 euros.
- Remodelación e ampliación de instalacións por un importe fixo de 176.633,85 euros.

- Mantemento do tunel de beiramar nos aspectos a que se refire a cláusula 1.4 do prego de cláusulas administrativas: 48.382,35 euros.
- Mantemento de novos tuneles: 113.799,22 euros.

**12(545).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 444.330,43 A PROL DE MAPFRE POLA COBERTURA DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18849/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.03.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 9.02.10, conformado polo concelleiro-delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 444.330,43 euros, pola cobertura da póliza de seguro de Responsabilidade Civil do Concello de Vigo e os organismos autónomos, á compañía aseguradora “Mapfre Empresas Compañía de Seguros y Reaseguros”, perante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2010 ó 31 de decembro de 2010, con cargo á partida presupostaria 12102240000.

A efectos de pago deberase ter en conta, a segundo a Lei de Mediación de Seguros Privados, que a póliza de referencia foi contratada a través da Correduría aseguradora do concello “Aón Gil y Carvajal”.

**13(546).- PROPOSTA DE DESESTIMIENTO DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DUNHA ENTIDADE COLABORADORA DA SEGURIDADE SOCIAL PARA A COBERTURA DE CONTINXENCIAS PROFESIONAIS DO PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19222/220.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o día 16.03.10, a Xunta de Goberno local acorda:

Desistir do procedemento aberto para a contratación dunha entidade colaboraora da seguridade social para a cobertura de continxencias profesionais do persoal do concello de Vigo. Expte (19222-220) polas razóns expostas no informe do Titular da Asesoría Xurídica do concello de Vigo de 02-02-2010.

**14(547).- ALLEAMENTO PARA CHATARRA DE 173 VEHÍCULOS QUE SE ATOPAN NO DEPÓSITO MUNICIPAL. EXPTE. 3133/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 19.04.10, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 173 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- ◆ As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- ◆ Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- ◆ Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.
- ◆ O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

*“D. ...., con D.N.I. nº ....., en nome propio (ou en representación de .....), informado do procedemento para a venda para chatarra de 173 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:*

*1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 173 vehículos.*

*2.- Propón como prezo para a compra dos 173 vehículos o de ..... euros.*

*Lugar, data e sinatura do licitador.*

**15(548).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS. EXPTE. 18489/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación celebrada o 27.01.10, a Xunta de Goberno Local acorda:

Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación da revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (Expte 18489-240) por non se ter admitidas as ofertas presentadas.

**16(549).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO “ANTÓN PATIÑO 1974-1979. CRÓNICA DO ARTISTA ADOLESCENTE”. EXPTE. 12172/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 12.04.10, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición "ANTÓN PATIÑO 1974-1979. Crónica do artista adolescente" a un prezo unitario de venda ó público de DOCE (12) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

**17(550).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA CORUXO PARA ORGANIZAR O I TROFEO DE MINI-BTT- MONTES DE CORUXO O DÍA 16 DE MAIO DE 2010. EXPTE. 9458/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 27.04.10, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Coruxo a organizar o vindeiro domingo 16 de maio de 2010, o I Trofeo de Mini-BTT- Montes de Coruxo, dita carreira comenará ás 9.00 horas e rematará ás 14.00 horas, dita carreira se levará nas inmediacións do recinto de festas de Fragoselo (Coruxo).

**18(551).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE GASTO E ASISTENCIA AO XXXVI SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMEADO” DE D. EMILIO IGLESIAS ÁLVAREZ. EXPTE. 13406/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da concelleira da Área de Servizos Xerais, do 26.04.10, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia do funcionario Emilio Iglesias Álvarez ao “XXXVI Simposium nacional de alumeado a celebrar en Cáceres os días 19, 20, 21 e 22 de maio”.

2º.- Autorizar o gasto por importe de 942,82 (novecentos cuarenta e dous euros con oitenta e dous céntimos) Euros.

3º.- A tramitación do expediente como un libramento a xustificar a favor de D. Emilio Iglesias Álvarez.

4º.- Autorizar a utilización por parte de D. Emilio Iglesias Álvarez do seu vehículo particular.

**19(552).- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 3.592,36 € A PROL DE SCHINDLER S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DO ELEVADOR DO CITIC. EXPTE. 6763/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 24.03.10, o informe de fiscalización do 19.04.10, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción

Económica e Emprego, do 10.02.10, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a nulidade das actuacións realizadas.

2º.- Aprobar a o recoñecemento extraxudicial de crédito, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28ª das Bases de execución do orzamento para o ano 2009, por un importe de 3.592,36 € (tresmil cincocentos noventa e dous euros con trinta e seis céntimos), correspondente á facturación do período que vai dende o 01 de novembro de 2007 ao 31 de decembro de 2008, a favor de Schindler, S.A., con CIF A-50001726.

3º.- Recoñecer a obriga a favor de Schindler, S.A. e CIF A-50001726, xa que o servizo de mantemento do ascensor se prestou coa calidade e as prestacións solicitadas, polo importe total de 3.592,36 € (tresmil cincocentos noventa e dous euros con trinta e seis céntimos), correspondente ás facturas dos exercicios 2007 e 2008:

Nº FACTURA	DATA	VENCIMENTO	IMPORTE	CONCEPTO
342528781	01/11/07	01/02/08	247,88	MANTEMENTO NOVEMBRO 2007
342550209	01/12/07	01/03/08	247,88	MANTEMENTO DECEMBRO 2007
342571614	01/01/08	01/04/08	258,05	MANTEMENTO XANEIRO 2008
342635637	01/02/08	01/05/08	258,05	MANTEMENTO FEBREIRO 2008
342657943	01/03/08	01/06/08	258,05	MANTEMENTO MARZO 2008
342679812	01/04/08	01/07/08	258,05	MANTEMENTO ABRIL 2008
342738285	01/05/08	01/08/08	258,05	MANTEMENTO MAIO 2008
342759722	01/06/08	01/09/08	258,05	MANTEMENTO XUÑO 2008
342781477	01/07/08	01/10/08	258,05	MANTEMENTO XULLO 2008
342846132	01/08/08	01/11/08	258,05	MANTEMENTO AGOSTO 2008
342867892	01/09/08	01/12/08	258,05	MANTEMENTO SETEMBRO 2008
342955266	01/10/08	01/01/09	258,05	MANTEMENTO OUTUBRO 2008
343019324	01/11/08	01/02/09	258,05	MANTEMENTO NOVEMBRO 2008
343041316	01/12/08	01/03/09	258,05	MANTEMENTO DECEMBRO 2008
TOTAL			3592,36	

Imputándose, ao presuposto actual do exercicio 2010, dito coste de 3592,36€, con cargo á bolsa de vinculación adscrita á partida 3220 2270611 "Mantemento ascensores" (xa que en caso de non ser suficiente para o remate do exercicio co disponible nesta partida, utilizaríase o crédito dispoñible doutras partidas, minorando ou non prestando outros servizos menos urxentes).

**20(553).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÁIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO" PARA O APOIO E MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS DURANTE O ANO 2010. EXPTE. 4357/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 12.04.10 e 22.04.10, o informe de fiscalización do 20.04.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do

Servizo de Igualdade, do 21.04.10, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2010.

2º.- Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 17.000,00€ (dezasete mil euros) con cargo á partida presupostaria “Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras” 4632 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dez

#### REUNIDAS

*Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.*

*Doutra, dona M<sup>a</sup> Esther Corralo Domonte, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 4357-224.*

*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.*

*Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.*

*Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:*

*.- Traballar na prevención dos malos tratos*

- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario*
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.*
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e proponendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.*

*II.- Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, de recente creación, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.*

*Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4632 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.000,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2010.*

*V.- Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 4357-224. Anexo III. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

PACTOS

*Primeiro.- O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2010, segundo o programa que se incorpora ao convenio como Anexo I.*

*As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.*

*Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, trasmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.*

*Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Centro de Emerxencia e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.*

*A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:*

*1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.*

*2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.*

*3.- Garantizar o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que conviryan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

*4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

*5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademáis das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 17.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 6.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 6.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder acada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

*Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.*

*A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:*

- ◆ *A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.*
- ◆ *A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- ◆ *Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

*Actuará como secretario/a da comisión un dos vogais designado por ésa.*

*Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas foto-*

*copiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2010. Anexo II.*

*Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.*

*Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.*

*Décimo primeiro.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.*

*Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá*

o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2010.”

## **21(554).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinadas os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFICAC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	1000006528	829,21	829,21	----	----
BERNÁRDEZ GIL SELA	0900056741	6.000,00	3.850,65	2.149,35	----
CASTILLO MARTÍN CARMELO	1000005097	105,34	91,23	14,11	----
CASTILLO MARTÍN CARMELO	1000005098	300,00	245,20	54,80	----
COVELO ROMA ROSENDO G.	1000009853	20.000,00	20.000,00	----	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001361	5.000,00	5.000,00	----	----

DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001362	30.000,00	12.820,64	17.179,36	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001363	3.000,00	----	3.000,00	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001364	15.000,00	----	15.000,00	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001365	20.000,00	12.357,31	7.642,69	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001366	20.000,00	15.113,84	4.886,16	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001367	1.200,00	----	1.200,00	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001368	1.000,00	73,35	926,65	----
DÍAZ DE BUSTAMANTE Mª PILAR	1000001369	2.500,00	363,60	2.136,40	----
ESPADA RE CAREY LUIS	1000001647	3.000,00	2.991,72	8,28	----
ESPADA RE CAREY LUIS	1000006490	311,00	311,00	----	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ PAZ	1000004552	219.000,00	218.676,05	323,95	----
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ LUZ Mª	1000001326	16.758,00	16.758,00	----	----
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ LUZ Mª	1000001349	164.237,97	160.563,40	3.674,57	----
GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ LUZ Mª	1000005067	182.308,20	181.108,20	1.200,00	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	0900068243	3.500,00	2.995,77	504,23	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	1000001691	3.000,00	3.000,00	----	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	1000001692	500,00	492,31	7,69	----
TOTAL		717.549,72	657.641,48	59.908,24	,00

TOTAL XUSTIFICADO ..... 657.641,48.-

**22(555).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE DURANTE O MES DE MARZO DE 2010. EXPTE. 6975/306.**

Mediante providencia de data 14.04.10, en cumprimento coa base 31ª das normas xerais de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Medio Ambiente durante o mes de Marzo, que son os seguintes:

Expte.	Partida	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Data Decreto	Data RC	Importe
6934/306	4450.220.00.00	CMSUM	Adquisición de material de oficina non inventariable	Varios	25/02/2010	04/03/2010	500,00 €
6935/306	4450.220.01.00	CMSUM	Adquisición de libros e subscrición de publicacións actualizables	Varios	25/02/2010	04/03/2010	800,00 €
6936/306	4450.226.01.00	CM SER	Gastos derivados de atencións protocolarias	Varios	25/02/2010	04/03/2010	500,00 €
6945/306	4450.226.02.00	CM SER	Realización da campaña informativa do programa Camiño a Camiño	Marta González Mondina	04/03/2010	15/03/2010	7.000,00 €
6972/306	4450.227.00.00	CM SER	Recollida, transporte e tratamento de residuos de madeira sitios no Parque Central de Lavadores	Toca Salgado, SL	17/03/2010	24/03/2010	1.874,88 €
6939/306	4450.227.06.00	CM SER	Coordinación de seguridade e saúde das obras de Reparacións varias no paseo do río Lagares	Applus Norcontrol, SLU	26/02/2010	04/03/2010	590,00 €

6978/306	4450.227.06.03	CMSER	Retirada de niños e ovos de gaiotas a petición dos cidadáns dende o 26 de abril ao 31 de agosto	Agro Nerga, SL	23/03/2010	05/04/2010	20.758,20 €
6928/306	4450.227.06.08	CMSER	Coordinación das rutas do Camiño a Camiño e selección e formación de monitores	Organizacia Evento-global, SL	15/03/2010	22/03/2010	20.579,56 €
6929/306	4450.227.06.08	CMSER	Servizos de vixilancia e socorrismo do programa municipal de roteiros Camiño a Camiño	Hidria Ciencia, Amb y Dllo SL	15/03/2010	22/03/2010	20.764,00 €
6930/306	4450.227.06.08	CMSER	Realización de talleres didácticos e de actividade física nas rutas do Camiño a Camiño	Impac Fitness, SL	15/03/2010	22/03/2010	9.738,20 €
6931/306	4450.227.06.08	CMSER	Transporte marítimo ás Illas Cíes con motivo do programa Camiño a Camiño	Naviera Mar de Ons, SL	15/03/2010	22/03/2010	15.492,76 €
6932/306	4450.227.06.08	CMSER	Elaboración e dixitalización dos trazados, deseño e elaboración das rutas do Camiño a Camiño	Lúcete Lecer, SLL	15/03/2010	22/03/2010	14.500,00 €
6973/306	4450.227.06.08	CMSER	Reportaxe fotográfico do programa rutas por Vigo e polo Camiño de Santiago	Paulino J. Rodríguez Villar	18/03/2010	22/03/2010	9.596,00 €
6933/306	4450.227.06.09	CMSER	Recollida e tratamento de animais mortos	Varios	05/06/2009	04/03/2010	1.345,60 €
6946/306	4533.227.06.00	CMSER	Cumprimentar os cuestionarios e demais info para a solicitude das candidaturas de 9 areas á Bandeira Azul 2010	Novocontorno, SL	05/03/2010	15/03/2010	4.006,25 €

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **23(556).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS OFEITOAMAN CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA. EXPTE. 77566/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 21.04.10, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 24 de novembro de 2009, por parte de Asociación Galega de Artesán OFEITOAMAN co CIF G-15128275, por un importe de 2.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da celebración da Feira de Artesanía, por non producirse danos.

### **24(557).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN PROTECTORA DE ANIMAIS “O JATICAN” CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DO 4º ANIVERSARIO DA ASOCIACIÓN EN CASTRELOS. EXPTE. 77620/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 21.04.10, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención Municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 4 de xuño de 2009, por parte de Asociación Protectora de Animais “O Jatican” co CIF G-36954147, por un importe de 4.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo do evento no Parque de Castrelos, por non producirse danos.

**25(558).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, ACEPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA DA OBRA “SUBSTITUCIÓN DA CUBERTA DA NAVE DO PARQUE CENTRAL DO SERVIZO DE BOMBEIROS”. EXPTE. 1649/213.**

Sería competente para adoptar o acordo relativo a este asunto a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127 da LRBRL.

### III. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e por proposta do enxeñeiro Director dos Servizos técnicos da XMU de data 26.04.2010, procedería adoptar o seguinte,

#### «ACORDO

PRIMEIRO: De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 4968/401 e, en especial, o informe e a proposta de datas 22.04.2010 e 26.04.2010 do enxeñeiro Director dos Servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, aceptar nos termos que neles se indican a recepción parcial das obras de urbanización incluídas no proxecto de urbanización do «PERI IV – 01 SAN ROQUE A - ÁREA DE REPARTO 2 (FINCA PIZARRO)», identificadas como “Fase 1ª”.

SEGUNDO: En aplicación do “Protocolo de actuación para o seguimento e recepción das obras de urbanización de ámbitos de iniciativa privada no Concello de Vigo” (BOP nº 222, do 17.11.2009), declarar que este acordo non é título para a cancelación da obriga das entidades participantes de asumir a totalidade dos custos derivados da urbanización, non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras e tampouco non será título para a devolución dos avais presentados.

TERCEIRO: Con ocasión da recepción total da urbanización comprobarase de novo o estado da parte que se propón para a súa recepción. No caso de que se observen deficiencias na mesma, derivada da execución das obras de urbanización ou polo deficiente estado das mesmas, requirirase a realización das obras precisas. Da conservación e preservación do bo funcionamento da urbanización que se vaia recibir seguirán sendo responsables, solidariamente, as entidades mercantís encargadas da xestión urbanística deste ámbito mediante o sistema de concerto: “Viqueira Inmuebles, S.A.”, “Vallehermoso División Promoción, S.A.U.” e “Invoga, S.A.”.

CUARTO: Así mesmo, coa recepción completa da urbanización, ditas entidades mercantís, que responden para todos os efectos de forma conxunta e solidaria, deberán acreditar o exacto cumprimento das observacións contidas nos informes dos servizos municipais, así como nos das compañías prestadoras de servizos que se citan no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo.

QUINTO: Notificar este acordo aos interesados, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contado desde o día seguinte ó da súa notificación.

SEXTO: Dar traslado tamén do contido íntegro deste acordo ó Servizo de Licenza de Obras da Xerencia Municipal de Urbanismo, ós Departamentos municipais de Vías e Obras, Mobilidade, Transporte e Seguridade, OSPIO, Electromecánicos, Montes, Parques e Xardíns, Limpeza, Patrimonio e Estatística, así como á concesionaria Aqualia Gestión Integral del Agua, S.A. e ás compañías Telefónica de España, S.A., Unión Fenosa, S.A., “R” Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A. e Gas Natural SDG, S.A.».

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis conveniente.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**79(613).- PROXECTO EXPROPIATORIO PARCELA “A2”-AOD A-4-06 PXOM PRAZA DE ESPAÑA. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 220/413.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 21.04.10, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

**I. ANTECEDENTES**

I.1. O Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do Excmo. Concello de Vigo, por Resolución de data 15.09.2009, dictada no expediente de referencia, dispuxo o seguinte:

*«PRIMEIRO: Desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo, o recurso potestativo de reposición presentado o 15.05.2009 (Doc. nº 90072965) por D. Fernando Mallo Fernández, en representación da Xunta de Compensación da «AOD A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA», contra a Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do 31.03.2009, pola que se declarou a inadmisión a trámite da solicitude de expropiación da parcela “G2” co aproveitamento previsto no proxecto expropiatorio presentado o 30.01.2009 (Exp. nº 220/413); Resolución agora confirmada agás no que atinxe á eventual rectificación da escritura de constitución da Xunta de Compensación para o caso de non incorporarse finalmente a éla os propietarios desa parcela.*

*SEGUNDO: Instar á Xunta de Compensación da «AOD A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA», para que, no prazo máis breve posible, presenten un novo proxecto expropiatorio axustado, no tocante á expropiación da parcela “G2”, ós criterios establecidos na precitada Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda do 31.03.2009 e ós fixados na normativa de valoración aplicable; a non ser, claro está, que se acredite a aceptación pola Asemblea Xeral da Xunta de Compensación da solicitude de incorporación instada pola representación da propiedade en escrito do 31.07.2009 que consta no expediente de referencia. Neste caso deberíase reformular o proxecto excluindo do mesmo a esta parcela.*

*TERCEIRO: Notificar a todos os interesados esta Resolución, con indicación de que contra a mesma non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».*

I.2. A efectiva incorporación ó proceso de equidistribución da «AOD A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA» dos propietarios da parcela de orixe “G.2” produciuse en virtude do acordo adoptado pola Asemblea xeral extraordinaria da Xunta de Compensación (XC) de data 15.09.2009, segundo así consta na certificación expedida o 16.09.2009 polo seu Secretario, co visto e prace do Presidente, que obra no expediente administrativo.

I.3. O 13.01.2010 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU a instancia (Doc. nº 100003471) do Presidente da referida XC, D. Fernando Mallo Fernández (DNI 36.144.795-L), na que se dá conta da finalización do prazo de adhesión á entidade dos propietarios do ámbito e se solicita da XMU a tramitación e aprobación do expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta.

Para tal efecto, achegouse o documento do proxecto expropiatorio referido xa soamente á precitada parcela “A.2”, que foi correxido e completado a teor do informe da arquitecta municipal do 02.02.2010 mediante a documentación complementaria presentada en datas 08.03.2010 (Doc. nº 100032924) e 09.04.2010 (Doc. nº 100046678).

I.4. En data 05.04.2010 a arquitecta municipal emitiu informe técnico sobre este proxecto, no que indica que consta de Memoria, folia de prezo xusto individualizado, plano de situación E 1/5000, plano do ámbito E 1/1000 e plano da parcela por expropiar E 1/500, ademáis da valoración realizada pola consultora “Gesvalt, S.A.”.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

TRLS/2008 (RDLEX. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LEF (Lei de Expropiación forzosa, do 16.12.1954).
- REF (Decreto do 26.04.1957, Regulamento da Lei de Expropiación forzosa).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RH (Regulamento Hipotecario, Decreto 14.02.1947).
- RHU (RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- Modelo xeral de «Bases e Estatutos de Xunta de Compensación e Estatutos de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

## III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. A «A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA» é un ámbito de solo urbano non consolidado que conta con ordenación detallada (AOD) incorporada ó PXOM de Vigo e que, de acordo coa súa ficha de características, deberá executarse mediante o sistema indirecto de compensación no primeiro cuatrienio da programación do Plan. Constitúe unha única Área de Reparto.

III.2. A XC urbanizadora deste ámbito foi constituída mediante escritura pública outorgada o 05.09.2008 perante o notario de Vigo Sr. Rodríguez González, co nº 2085 do seu protocolo. Figura

inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras por Resolución do *Director xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CPTOPT* de data 15.12.2008, co nº 28/08.

III.3. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 07.10.2008 (Exp. nº 4834/401) aprobouse a aplicación do modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello de Xerencia da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004) e a constitución da XC, abríndose a partir dese momento o prazo de adhesión dos propietarios aínda non incorporados, coa advertencia, en caso contrario, de proceder á expropiación dos seus dereitos (Art. 156.1 LOUGA).

III.4. Finalizado este proceso resultou acreditada a non incorporación á XC da propietaria da parcela de orixe “A.2”, situada na rúa Fernando Conde nº 23 e que corresponde a D<sup>a</sup> Celia Freire Garabal. Así resulta da certificación do Secretario da XMU do 02.12.2008, obrante no Exp. nº 4834/401, relativa ós propietarios que solicitaron a súa adhesión á XC no prazo concedido para o efecto e da expedida o 16.09.2009 polo Secretario da XC, referente á posterior incorporación dos propietarios da parcela “G.2”, acordada na súa Asemblea xeral extraordinaria do 15.09.2009 (Vid. tamén, apdos. 1.4 e 1.5 de “*Antecedentes*” da Memoria do proxecto expropiatorio).

III.5. En consecuencia, por aplicación dos Arts. 156.1 e 143 da LOUGA e dos Arts. 3.4, 8.6 e 12.2 dos Estatutos desta XC, procede iniciar por solicitude desta a tramitación do procedemento de aprobación do expediente expropiatorio por taxación conxunta da parcela “A.2”. O expediente deberá conter os seguintes documentos:

- a) Delimitación do ámbito territorial, cos documentos que o identifiquen en canto a situación, superficie e lindes, coa descrición de bens e dereitos afectados e a relación das persoas titulares.
- b) Fixación de prezos coa valoración razoada do solo, segundo a súa cualificación urbanística.
- c) Follas de prezo xusto individualizado de cada predio, nas que se conterá non só o valor do solo, senón tamén o correspondente ás edificacións, obras, instalacións e plantacións.
- d) Follas de prezo xusto que correspondan a outras indemnizacións.

III.6. Na versión final do proxecto expropiatorio presentado polo representante da XC consta tal documentación. En particular, sinálase a achega do informe de valoración da parcela por expropiar, subscrito con data 21.02.2010 por técnicos da consultora “Gestión de Valoraciones y Tasaciones, S.A.” (Gesvalt, S.A.), de acordo cos criterios do TRLS/2008, aplicándose os dous métodos de valoración recollidos no seu Art. 24.2: *método residual estático* (referido exclusivamente ó solo, coa edificabilidade de orixe) e *método de comparación*, referido ó conxunto do solo e a edificación e escolléndose o superior. Tamén se inclúe a preceptiva folla de prezo xusto individualizado, na que constan, entre outros, os seguintes datos:

FOLLA DE PREZO XUSTO INDIVIDUALIZADO		
PARCELA "A.2" - «AOD A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA». R/Fernando Conde nº 23 Vigo.		REF. CATASTRAL: 3255502NG2735N0001OK. FINCA REXISTRAL Nº: 43.656.
PROPIETARIA: Dª Celia Freire Garabal (DNI 33.031.747).		
ENDEREZO: R/Huérfanas nº 19 – 3º Santiago de Compostela (A Coruña).		
RELACIÓN DE BENS AFECTADOS: Parcela "A.2" (646,99 m2).		
VALOR DE AFECCIÓN (5%)	PREMIO DE AFECCIÓN (5%)	IMPORTE TOTAL
1.171.594,72 €	58.580,00 €	1.230.175,00 €

III.7. Dispón o Art. 29 do TRLS que a aprobación dos instrumentos da ordenación territorial e urbanística implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos correspondentes cando tales instrumentos habiliten para a súa execución e ésta deba producirse por expropiación. A expropiación por razón da ordenación territorial e urbanística pode aplicarse para as finalidades previstas nas súas normas reguladoras, de conformidade co disposto no TRLS/2008 e na lexislación de expropiación forzosa (LEF+REF).

III.8. No caso presente, a expropiación ven determinada polo incumprimento da obriga da propietaria da parcela de orixe "A.2" de incorporarse ou adherirse á Xunta de Compensación da «AOD A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA» do PXOM vixente (Art. 156.1 LOUGA, Arts. 3.4, 8.6 e 12.2 Estatutos XC).

III.9. A XC está lexitimada para instar esta expropiación, ostentando a condición de beneficiaria da mesma (Art. 156.1 LOUGA, Art. 29.4 TRLS/2008, Art. 3.3.g), 3.4 e 12.2 Estatutos XC), polo que deberá pagar o importe do prezo xusto expropiatorio que finalmente se determine e, en contrapartida, recibirá os terreos expropiados (Arts. 3.4 e 12.2 Estatutos XC).

III.10. A respecto do procedemento aplicable, prescribe o Art. 143 da LOUGA que o proxecto de expropiación, cos documentos sinalados, será aprobado inicialmente e exposto ó público polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos. Os erros non denunciados e xustificados neste prazo non darán lugar á nulidade ou reposición de actuacións, sen prexuízo de que as persoas interesadas conserven o seu dereito a ser indemnizadas na forma que corresponda (Idem, Art. 30 TRLS/2008).

A información pública efectuarase mediante a inserción de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da provincia. Así mesmo, as taxacións notificaráselles individualmente a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación. De presentarse nese prazo alegacións ó acordo municipal, serán informadas e someterase o expediente á aprobación do órgano municipal competente.

A resolución aprobatoria do expediente expropiatorio notificaráselles ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran nel, e conferíraselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expromente a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal

caso, daráselle traslado do expediente e da folla de aprecio impugnada ó Xurado de Expropiación de Galicia, para os efectos de fixar o prezo xusto, que, en todo caso, se fará de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente.

Se os interesados non formularon oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, entendéndose determinado o prezo xusto definitivamente e de conformidade.

III.11. O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados e o pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do Art. 52 da LEF, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do prezo xusto (Art. 144 LOUGA).

III.12. En cumprimento do establecido no Art. 22 do RD.1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aprobaron as normas complementarias para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística, procederá tamén a práctica da inscrición rexistral do inicio deste expediente expropiatorio.

III.13. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LR-BRL.

#### IV. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os Arts. 156 e 143 da LOUGA e 30 do TRLS/2008, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, a adopción do seguinte,  
«ACORDO

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta formulado pola Xunta de Compensación urbanizadora da «AOD A-4-06 PRAZA DE ESPAÑA» do PXOM de Vigo, referido exclusivamente á parcela de orixe “A.2” do plano parcelario desta Área de Reparto (Finca catastral nº 3255502NG2735N0001OK; Finca rexistral nº 43.656), situada no nº 23 da rúa Fernando Conde de Vigo, por non terse incorporado nin adherido a súa propietaria á Xunta de Compensación (Exp. 220/413).*

*SEGUNDO: Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante a inserción de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da provincia, con notificación individualizada á propietaria interesada da folla separada de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poida formular as alegacións que estime oportunas.*

*TERCEIRO: Instar do Rexistro da Propiedade nº 5 de Vigo a práctica da anotación do inicio do expediente expropiatorio polo procedemento de taxación conxunta, de acordo co establecido no artigo 22 do Real Decreto 1093/97, do 4 de xullo; expediente que afecta á finca rexistral nº 43.656, inscrita nese Rexistro ó Tomo 1048, Libro 48, Folio 163».*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**80(614).- ESTUDIO DE DETALLE DA RÚA CORUÑA Nº 33. APROBACIÓN INICIAL. EXPTE. 12293/411.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 21.04.10, conformado polo arquitecto municipal e director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. En data 27.10.2009 tivo entrada no Rexistro xeral da XMU unha solicitude presentada por D. Amadeo Estévez Cortizo, en nome e representación da mercantil “Camponabal, S.L.” (Doc. nº 90153910) coa que se achegaba a documentación correspondente ó «ESTUDIO DE DETALLE RÚA CORUÑA Nº 33», redactado polo arquitecto D. Jaime Cortizo Amaro, con visado do COAG de data 21.10.2009.

I.2. O 04.11.2009 o aparellador municipal, adxunto ó Director de Planeamento – Xestión da XMU emitiu informe técnico sobre o asunto, no que entendía que naquela documentación non se xustificaba por parte da propiedade o cumprimento do contido do Art. 9.3.11 (modificado) das NNUU do PXOM relativo ó tapado de medianeiras.

I.3. Remitido para o seu coñecemento e concedido trámite de audiencia ó interesado mediante oficio da xerente da XMU do 11.11.2009, o técnico redactor do Estudio de Detalle presenta o 14.01.2010 (Doc. nº 100004198) un escrito no que formula unha serie de observacións e reparos ó contido do informe técnico municipal ó tempo que achega documentación complementaria visada polo COAG o 13.01.2010.

I.4. Este último documento foi obxecto dun novo informe polo adxunto ó Director de Planeamento – Xestión, de data 29.01.2010, non favorable á solución proposta neste Estudio de Detalle e do que se lle deu traslado á mercantil “Camponabal, S.L.” o 19.02.2010, concedéndolle un novo trámite de audiencia durante o que, se o estimaban oportuno, poderían alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimasen pertinentes en relación co informado.

I.5. Finalmente, mediante instancias presentadas no Rexistro xeral da XMU o 22.03.2010 (Doc. nº 100039059) e 05.04.2010 (Doc. nº 100043819) o promotor desta actuación fixo entrega de dúas copias do documento modificado do «ESTUDIO DE DETALLE RÚA CORUÑA Nº 33», redactado polo mesmo arquitecto, Sr. Cortizo Amaro, con visado colexial de datas 18.03.2010 e 31.03.2010 (plano de seccións segundo o PXOM), e que foi xa informado o 09.04.2010 polo aparellador municipal no sentido que a seguir se dirá.

II. NORMATIVA EXAMINADA

TRLS/2008 (RDLEX. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).

LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).

L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).

- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMATI do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O precitado informe técnico do adxunto ó Director da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU de data 09.04.2010, referido á documentación modificada deste Estudio de Detalle, é do seguinte teor literal:

«INFORME:

*Á vista da documentación presentada, esta oficina técnica informa que a propiedade figura de acordo ó plan xeral vixente, cualificada coa ordenanza 3 de manzana pechada e lle corresponde polas determinacións da citada ordenanza unha altura de seis plantas equivalente a 22 metros e una planta de cuberta en función do ancho da rúa a que fai fronte.*

*En canto ó fondo edificable ou aliñación interior, o artigo 9.3.10 das nn.uu., especifica que:*

*1. O fondo máximo edificable está delimitado polas aliñacións interiores de patio de couzada nos Planos de Ordenación Pormenorizada, con anchos que varían entre quince (15) metros e vintecinco (25) metros de fondo. No suposto de que nalgún caso non estivese definida a aliñación interior, a nova edificación non poderá exceder os vintecinco (25) metros, medidos ortogonalmente en tódolos puntos da fachada.*

*2. Os fondos edificables así definidos son obrigatorios polo que as parcelas cuxo fondo real sexa inferior ó edificable máis tres (3) metros, para garanti-lo dereito de luces e vistas, atoparanse na condición de inedificables establecida no Artigo 6.2.11, polo que deberá proceder á súa regularización por algún dos procedementos establecidos no Artigo 6.2.12, ambos das Normas Urbanísticas.*

*3. Aquelas parcelas que non atinxan o fondo máximo edificable incrementado en tres (3) metros, polo que a súa dimensión non alcance a mínima para poder edificar, que teñan polo tanto a condición de inedificables e deban incorporar parcelas ou parte de parcelas interiores, deberán garantir que a parcela finalmente agrupada teña sempre unha lonxitude do lindeiro de fondo igual ou maior que o da parcela da aliñación de rúa.*

*Neste caso non está definido en planos a aliñación interior polo que tendo en conta o citado, a aliñación sitúase a 3 metros do límite posterior da parcela, polo que o fondo edificable máximo situase a 25 metros da fachada.*

*Definido así o fondo máximo, o dereito edificatorio da parcela en aplicación do artigo 9.3.13. das nn.uu. do PXOM, é de 2.244,30 m<sup>2</sup> c, resultado do produto da área interior da poligonal, definida pola aliñación, os lindes laterais e a liña paralela a fachada como aliñación interior de Patio de Couzada establecido no Artigo 9.3.10 (374,05 m<sup>2</sup>) e o número de plantas.(6).*

*A resultante da ordenación do dereito edificatorio, é un sólido cunha ocupación en planta de 374,05 m<sup>2</sup> e unha altura de seis plantas.*

*En canto á ordenación actual do resto da manzana, presenta nos seus lindeiros laterais edificacións residenciais colindantes dunha altura de nove plantas e 27,32 metros de altura no lateral esquerdo e de oito plantas e 24,37 metros de altura no lateral dereito. Esta diferenza de altura en nº de plantas orixina a aparición de paredes “medianeiras” cegas en ambos laterais e de alturas comprendidas entre 2,37 e 5,32 metros, equivalentes a dous e unha planta respectivamente.*

*A proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da ordenanza, nun sólido de oito plantas mantendo o dereito edificatorio.*

*A ordenación proposta non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas colindantes».*

III.2. Establece o Art. 73 da LOUGA – e, en termos semellantes, o Art. 4.1.3 das NNUU do PXOM- que, e n desenvolvemento dos Plans xerais, Plans parciais e especiais poderán redactarse Estudos de Detalle para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas cos seguintes obxectivos:

- Completar ou reaxustar as aliñacións e as rasantes.
- Ordenar os volumes edificables.
- Concretar as condicións estéticas e de composición da edificación complementarias do planeamento.

III.3. Os Estudos de Detalle en ningún caso poderán (Arts. 73.2 LOUGA e 65 RPU):

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir ou modificar as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas.
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente recollidas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Descoñecer ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

III.4. Tocante á documentación esixible para esta clase de instrumentos, o Art. 4.1.4 das NNUU do PXOM indica que deberán incluírse, como mínimo, os seguintes planos:

- c) Plano de situación no Termo Municipal.
- d) Plano parcelario axustado á actual delimitación das fincas existentes, Escala mínima 1:500.
- e) Planos de ordenación vixente, que reflectan a do Plan Xeral.
- f) Planos actualizados do estado dos terreos, da edificación, a vexetación e dos usos existentes, Escala 1:500.
- g) Planos debidamente acoutados que reflectan con detalle a ordenación proposta, sinalando, como mínimo, as aliñacións e rasantes correspondentes á edificación e ó viario, Escala mínima 1:500.
- h) Cando se modifique a disposición de volumes deberá aportarse así mesmo un estudo comparativo da edificabilidade resultante por aplicación das determinacións previstas no Plan Xeral e das que se obteñen no Estudo de Detalle.

Ademáis, de acordo co previsto no Art. 66.1 do RPU, os Estudos de Detalle conterán tamén unha Memoria xustificada da súa conveniencia e da procedencia das solucións adoptadas.

III.5. No caso presente, a proposta de Estudio de Detalle presentada por “Camponabal, S.L.” formúlase ó abeiro do preceptuado, con carácter xeral, no Art. 73 da LOUGA e, especificamente, no Art. 9.3.11 apdo. 7 das NNUU do PXOM («Altura da edificación»), segundo o que, en determinados casos, debidamente xustificados, nos que, por mor dunha mellor adaptación ó ambiente, se considere conveniente propoñer solucións de ocultación de medianeiras de edificacións lindadeiras, cando estas superen notablemente a altura fixada no PXOM e xeran problemas estéticos, se poderán autorizar alturas superiores ás fixadas no Art. 9.3.11.1 das NNUU; que en ningún caso poderán exceder da altura da edificación a tapar nin dun máximo de 11 plantas.

Nestes supostos, o Concello esixirá a presentación dun Estudo de Detalle que desenvolva a proposta alternativa de integración da edificación que adapte a volumetría deducida da aplicación directa desta Ordenanza, con especificación de:

— Situación actual e entorno,

— Determinacións do Plan Xeral,

— Aproveitamento derivado da aplicación directa desta Ordenanza e das propostas presentadas.

Cúmprese, ademais, o disposto no Art. 9.3.10 das NNUU do PXOM con relación ó «Fondo edificable» e no Art. 9.3.13 sobre o «Dereito edificatorio» (2.244,30 m<sup>2</sup>c).

III.6. O ámbito de solo urbano consolidado obxecto deste Estudio de Detalle está conformado pola unidade urbana integrada polo predio e edificación existente con fronte á rúa Coruña nº 33, coa referencia catastral nº 1750506NG2715S0001MK.

III.7. Informa o aparellador municipal que a proposta presentada consiste en ordenar o volume resultante derivado das determinacións da Ordenanza aplicable (Ordenanza nº 3: «Edificación en couzada pechada») nun sólido de oito (8) plantas, mantendo o dereito edificatorio que lle corresponde, sendo así que a ordenación proposta: «non altera o destino do solo, non incrementa o aproveitamento urbanístico, non incrementa a ocupación do solo e non altera as condicións urbanísticas das parcelas colindantes».

III.8. Dispón o Art. 86.2 da LOUGA que os Estudos de Detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública polo prazo mínimo de 20 días mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión da provincia e que, á vista dos resultados da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente coas modificacións que resultasen pertinentes.

III.9. A competencia para aprobar, inicial e definitivamente, o Estudio de Detalle corresponde á Xunta de Goberno Local, segundo o disposto no Art. 127.1.d) da LRBRL.

#### IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 86.2 da LOUGA, propónse á Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo a adopción do seguinte,

##### «ACORDO

**PRIMEIRO:** *De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 12293/411, aprobar inicialmente o «ESTUDIO DE DETALLE RÚA CORUÑA Nº 33», promovido pola mercantil “Camponabal, S.L.” e redactado polo arquitecto Sr. Cortizo Amaro, con visado colexial de datas 18.03.2010 e 31.03.2010.*

**SEGUNDO:** *Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia.*

**TERCEIRO:** *Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, entre os que se contarán as Comunidades de Propietarios dos edificios da rúa Coruña núms. 31 e 35, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite».*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **81(615).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA” E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO PUNTO INFORMA E A REALIZACIÓN DUN TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA. EXPTE. 4369/224.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 12.04.10 e do 22.04.10, o informe de fiscalización do 20.04.10, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Igualdade, do 21.04.10, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Dorna” e o Concello de Vigo para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria durante o ano 2010.

2º. -Autorizar á Concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º.- Autorizar o gasto de 19.000,00€ (dezanove mil euros) con cargo á partida presupostaria “*Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria, con cargo á partida 4632 4890002 do orzamento vixente da Concellería de Igualdade para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.*

4º. Aprobar o texto, que de seguido se dí:

“ *Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dez*

## REUNIDAS

*Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.*

*Doutra, dona Aurea González González, como presidenta da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF nº G36619468, con enderezo social na r/ Baiona, 9 baixo Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 4369-224.*

*Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

## MANIFESTAN

*I.- A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:*

- promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu contorno.*
- Colaborar con calquer situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz , calidade de vida, etc.*

*A Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribue á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.*

*Neste ano 2009, a asociación de mulleres Dorna presenta ademáis o proxecto de “Taller de creatividade Cocinando palabras” que ten como finalidade fomentar a creatividade, potenciar a capacidade de imaxinar con distintos recursos creativos, a pintura, o cine, a música e a literatura, incentivar a autoestima, e o intercambio dinámico do grupo de mulleres participantes.*

*II.- A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.*

*A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e ser-*

vizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da “Asociación de Mulleres Dorna” cumpren os obxectivos da Concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4632 4890002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 19.000,00€, a favor da Asociación de Mulleres Dorna.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación de Mulleres Dorna durante o exercicio 2010.

V.- Que a Asociación de Mulleres Dorna non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 4369-224. Anexo IV. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mulleres Dorna, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

## PACTOS

Primeiro.- O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar un taller de creatividade literaria para mulleres, no que participarán un mínimo de quince alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

*A Asociación de Mulleres Dorna comprométese a colaborar coa Concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:*

*1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.*

*2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.*

*3.- Destinar a este fin unha oficina permanente da Asociación de Mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.*

*Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ao perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.*

*4.- Informar ás usuarias do Punto Informa da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Centro de Emerxencia, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.*

*5.- Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que conviryan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.*

*6.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.*

*7.- Presentar ante á Concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual que incluírá o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base aos criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola Concellería de Igualdade.*

*8.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación de Mulleres Dorna non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.*

*9.- As obrigas da Asociación de Mulleres Dorna, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:*

*1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.*

2º.- Incluir este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación de Mulleres Dorna, unha subvención por importe de 19.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 6.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 6.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 7.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder acada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria

*está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.*

*Sétimo.- Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:*

- ◆ *A presidenta e coordinadora da Asociación de Mulleres Dorna*
- ◆ *Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna*
- ◆ *A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.*
- ◆ *Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller*

*Oitavo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.*

*Noveno.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente ao importe que teña sido financiado coa subvención concedida, así como declarar a procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que teñan sido financiados coa subvención concedida..*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2010. Anexo V.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2010.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada.

*da e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.*

*Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2010.”*

**82(616).- PROXECTO MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL. EXPTE. 3565/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 29.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Animación Sociocultural, do 8.04.10, conformado polo concelleiro delegado de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para a contratación dos espectáculos e actividades programados polo servizo de Animación sociocultural.
- 2º.- Facultar ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan no programa das Festas de Verán.
- 3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta de habilitación de Animación sociocultural 2080.0000.77.0040277241.

*PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS POLO SERVIZO DE ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.*

Vigo, o ..... de ..... de .....

Dunha parte D. ...., **CONCELLEIRO DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL** e como representante do **CONCELLO DE VIGO**, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, praza do Rei s/n, que no presente contrato denominarase O **CONCELLO**.

Doutra parte D/Dna..... (apoderado/a, administrador/a único/a...) e que actúa en nome da empresa denominada ..... CIF ....., e con enderezo ..... da cidade de ....., CP ..... ; no sucesivo **A AXENCIA**.

Ambas as partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para levar a cabo o presente contrato que rexerá de conformidade ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O **CONCELLO** contrata á **AXENCIA** para que realice unha actuación do artista/grupo ..... , no sucesivo **O/A ARTISTA**, o día ..... de ..... de ....., ás ..... horas no recinto denominado ..... situado en ..... , cunha duración mínima de ..... minutos.

A **AXENCIA** comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a **ARTISTA** dentro dos trinta días anteriores á data indicada, nun raio de 35 quilómetros do lugar no que se terá lugar a que é obxecto deste contrato.

#### VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento no que se atope en poder da **AXENCIA** debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do **ANEXO** por todas as partes comparecentes.

#### PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A **AXENCIA** percibirá unha retribución de ..... (CIFRA) euros máis o ..... % de IVE, o que fai un total de ..... (CIFRA) - ..... (EN LETRA). euros, en concepto da actuación do/a **ARTISTA**; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento realizarase da seguinte forma: entrega de talón nominativo a D/Dna..... , NIF..... momentos antes do comezo da actuación, co/a **ARTISTA** no recinto, tras a achega de factura conforme cos requisitos que establece o Real decreto Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade, pagamento de dereitos de autor, permisos necesarios para levar a cabo a actuación no lugar e data determinados, etc.

#### PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

#### AFORO E ENTRADAS

Sexta.- - O local da actuación dispón dun aforo de ..... (CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda ..... (CIFRA) entradas ao prezo de ..... (CIFRA).euros cada unha e será beneficiario da total recadación; tamén realizará ..... (CIFRA) invitacións das que entregará ..... (CIFRA) á AXENCIA.

#### PROMOCIÓN E IMAXE

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Así mesmo, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou os seus arredores, a venda de material relacionado co/coa ARTISTA por persoas non autorizadas. A AXENCIA resérvase o dereito da explotación de produtos relacionados co/coa ARTISTA no lugar e data do concerto, tras a comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao Concello, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica do concerto, cun tempo máximo de tres (3) minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparello que rexistre ou reproduza o son ou a imaxe. O CONCELLO advertirallo ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

#### PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, dende a sinatura do contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade adecuada á actuación contratada. O CONCELLO resérvase o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

#### PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades , o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas das súas e dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e os seus arredores, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

Décimo segunda.- O ARTISTA poderá realizar todo tipo de actividade promocional ao redor do concerto ou como apoio a este nas súas datas anteriores. Coa fin de evitar conflitos cos patrocinadores do programa xeral de festas de verán, a AXENCIA deberá contar coa autorización expresa do CONCELLO para difundir a imaxe de outros patrocinadores diferentes.

#### SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, para o que contratará os medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo; ademais dos que lle sexan de obrigado cumprimento en función das características do espectáculo programado.

Décimo cuarta.- Sen prexuízo das responsabilidades que se puidesen atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento das súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan segundo o definido expresamente neste contrato e no seu ANEXO, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel.

Décimo quinta.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. As bebidas que se vendan dentro do lugar da actuación, serán servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo sexta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario ("backstage") e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sétima.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no local da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO, á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo

*persoal técnico do Concello de Vigo, previa súa comprobación. En caso contrario, O CONCELLO eximirase de calquera responsabilidade.*

*Décimo oitava.- O CONCELLO dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº ....., formalizada coa compañía ....., que garantizará as consecuencias económicas derivadas das responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

*A AXENCIA dispón do correspondente contrato de seguro e póliza de condicións particulares nº ....., formalizada coa compañía ....., que garantizará as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil que poida corresponderlle por danos e perdas ocasionados a terceiros pola celebración do evento.*

#### INSTALACIÓNS

*Décimo novena.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto da actuación dende as ..... (CIFRA) horas do día da actuación ata as ..... (CIFRA) horas despois do final da actuación do/da ARTISTA.*

*Vixésima.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.*

#### SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

*Vixésimo primeira.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA e que impida debidamente xustificada a suspensión do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve,...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.*

*Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data da suspensión.*

*A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.*

#### RESOLUCIÓN

*Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.*

*Vixésimo cuarta.- Só en caso de enfermidade, accidente, morte ou forza maior xustificada do/da ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente contrato, e previa presentación dos xustificantes oportunos, poderá A AXENCIA*

rescindilo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade ningunha do pactado no presente contrato.

### LEXISLACIÓN APLICÁBEL

Vixésimo quinta.- En cumprimento do establecido no artigo 26.1.d) e de acordo co disposto no 20.2. da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público faise constar que o presente contrato ten a consideración de contrato privado e rexeráse, en canto á súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas, pola citada Lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado. En canto aos seus efectos e extinción, rexeráse polo dereito privado.

### SUBMISIÓN

Vixésimo sexta.- As partes contratantes sométese aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

### ANEXO

#### 1. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará para a actuación do/da ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación. A potencia do equipo constará de ..... watios de son e de ..... watios de iluminación.

REFORZO.-

O CONCELLO poderá decidir a inclusión dun reforzo de son, debido ás características do lugar de actuación.

#### 2. ESCENARIO E PLATAFORMAS.

##### 2.1. ESCENARIO.

O CONCELLO porá a disposición do/da ARTISTA, un escenario que reunirá as seguintes características:

Dimensións mínimas.- ..... (CIFRA) m. de fronte, ..... (CIFRA) m. de fondo e unha altura dende o chan de ..... (CIFRA) m. O escenario si/non está cuberto.

Capacidade de carga.- ..... (CIFRA) kg/m<sup>2</sup>.

Accesos.- O escenario estará provisto dunha sólida escaleira que comunique coa zona traseira do escenario (“backstage”).

*Outras características.- O escenario será firme, plano e libre de todo material ou obstáculo, que instalado por profesionais cumpra as normas de seguridade vixentes.*

## **2.2. PLATAFORMAS DE SON.**

*O CONCELLO instalará dúas plataformas para o sistema de son coas seguintes características:*

*Dimensións.- ..... (CIFRA) m. de fronte, ..... (CIFRA) m. de fondo e dous niveis, situados a ..... (CIFRA) e a ..... (CIFRA) m. do chan.*

*Situación.- Pegadas a cada lado do escenario.*

*Capacidade de carga.- (NÚMERO) kg/m<sup>2</sup> en cada nivel.*

## **2.3. PLATAFORMA PARA CONTROL (MIXER)**

*Dimensións.- Así mesmo, a ..... (CIFRA) m. do escenario, haberá unha plataforma de ..... (CIFRA) m. de fronte, ..... (CIFRA) m. de fondo e unha altura de ..... (CIFRA) m. nun tramo de ..... (CIFRA) m. de fondo e de ..... (CIFRA) m. para o tramo máis afastado do escenario.*

*Situación.- A ..... (CIFRA) m. do punto central da embocadura do escenario.*

*Capacidade de carga.- ..... (CIFRA) Kg/m<sup>2</sup>.*

## **2.4. OUTROS.**

*O CONCELLO facilitaralle, se resulta necesario, á AXENCIA unha carreta elevadora con condutor durante a xornada do concerto. A plataforma para control (mixer) cubrirase cunha rede por razóns de seguridade.*

## **3. VALADO.**

*O CONCELLO instalará un sistema de valado, con elementos en perfecto estado de uso, para impedir o acceso de persoas ás seguintes zonas ou elementos:*

*- ESCENARIO. Deberá encontrarse separado do público por unha barreira de protección situada a 2 metros del e cunha extensión suficiente para impedir o seu paso ao escenario. A barreira de protección deberá soportar suficientemente calquera presión exercida polo público, de tal forma que nunca supoña perigo ningún para o servizo de orde, organización, técnicos, fotógrafos e en xeral calquera que nesta área tivese que atoparse debidamente autorizado.*

*- EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN*

*- MERCADOTECNIA*

*O valado estará instalado de forma efectiva unha hora antes da apertura de portas ao público nos recintos pechados e dende o momento do comezo da montaxe das instalacións nos recintos abertos.*

## **4. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.**

As instalacións eléctricas para levar a cabo o espectáculo serán por conta do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Potencia.- ..... (CIFRA) tomas de corrente independentes; unha de ..... voltios e ..... Kwatios, outra toma de ..... voltios e ..... Kwatios.

Situación.- As tomas estarán a ambos lados do escenario e a ..... (CIFRA) metros dende o seu centro.

Outras características.- cada unha das tomas de corrente estará protexida cunha liña de terra independente.

As instalacións eléctricas do lugar da actuación axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

#### 5. CAMERINOS.

O CONCELLO proverá ao/á ARTISTA de ..... (CIFRA) camerinos de uso exclusivo, illados do público, próximos ao escenario e con acceso directo a este; terá capacidade suficiente para un total de ..... (CIFRA) persoas.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados e provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos que estarán dispoñíbeis e vixiados dende a chegada dos camións do equipo do/da ARTISTA ata a fin do desmonte. O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA ou ao/á ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes o requiran.

#### 6. "CATERING".

O CONCELLO deberá de subministrar no camerino do/da ARTISTA , dúas horas antes do comezo da actuación, o seguinte "catering":

.....

Tamén O CONCELLO proverá de auga mineral aos/ás técnicos/as:

20 litros ao comezo da montaxe

10 litros ao comezo das probas de son

20 litros ao comezo do desmonte.

#### 7. VEHÍCULOS.

Os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA terán acceso directo ao escenario; en caso contrario, O CONCELLO proverá ao seu cargo os medios necesarios para levar alí o equipo.

O CONCELLO habilitará un espazo vixiado para aparcadoiro de ..... (CIFRA) vehículos do/da ARTISTA e da AXENCIA que participen na produción do espectáculo.

O vehículo do/da ARTISTA poderá acceder ata a zona traseira do escenario (“backstage”) e permanecer alí ata o remate do espectáculo. O resto dos vehículos do/da ARTISTA ou da AXENCIA permanecerán no lugar destinado polo CONCELLO.

#### 8. MERCADOTECNIA.

O CONCELLO porá a disposición do ARTISTA un espazo libre, cunha toma de corrente de 220 v, para a venda do seu material de mercadotecnia. Este espazo estará protexido por valado e persoal de seguridade.

#### 9. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

##### 9.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como única interlocutora válida ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas coa actuación do ARTISTA.

A AXENCIA coñecerá por adiantado a identidade do/a responsábel da produción que estará presente no lugar da actuación á hora que se acorde, para iniciar a produción. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel. No lugar da actuación sempre haberá unha persoa do CONCELLO relacionada coa produción.

##### 9.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de ..... (CIFRA) persoas para tarefas de carga e descarga do equipo do ARTISTA; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo, que se acorda para as ..... horas do día da actuación e ata que os/as técnicos/as o indiquen; o equipo volverá a estar dispoñíbel inmediateamente despois do final da actuación para a carga. O total de horas de traballo do equipo estímase en ..... (CIFRA) horas.

##### 9.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar de actuación, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son e durante a actuación. O resto do tempo no que estea vixente o contrato estará permanentemente localizábel.

##### 9.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local da actuación, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais adecuados.

##### 9.5. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo de O CONCELLO calquera outro persoal necesario para a organización do concerto (por exemplo: despacho de entradas, porteiros, ...)

#### 10. SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de orde que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, zona traseira do escenario (“backstage”), equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respectuosa coas persoas. O servizo de orde cumprirá as obrigas de seguridade que se lle atribúan ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de orde estará dispoñíbel dende a chegada do equipo ata que, despois do concerto, teña finalizado o desmonte e a carga do equipo. O persoal de seguridade atenderá as indicacións dos/as representantes da AXENCIA e dos responsábeis do CONCELLO.

Ata o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do espectáculo só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O/A ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO para o que este disporá do persoal necesario para cumprir este requisito. Todo o persoal relacionado co espectáculo deberá levar en lugar visíbel unha acreditación.

Dende ..... (CIFRA) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por ..... (CIFRA) persoas identificables con acreditacións visíbeis e distribuído da seguinte maneira:

1 director do servizo de orde.

..... (CIFRA) membros DETRÁS DO ESCENARIO.

..... (CIFRA) membros DIANTE DO ESCENARIO.

..... (CIFRA) membros NOS EQUIPOS DE SON E ILUMINACIÓN.

..... (CIFRA) membros NO “BACKSTAGE” e CAMERINOS.

..... (CIFRA) membros EN ZONAS RESERVADAS Á AXENCIA (aparcadoiro, mercadotecnia,...)

O CONCELLO completará o equipo de seguridade co restante persoal que necesite o recinto para o seu CONTROL PERIMETRAL (interno e externo), ACCESO DO PÚBLICO, ETC.

O CONCELLO comunicarlle á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de orde, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

O CONCELLO disporá a pé de escenario os extintores necesarios segundo a lexislación vixente, en perfectas condicións de uso.

## 11. ACTUACIÓN E ENSAIO.

### 11.1. DISPOÑIBILIDADE DE ESCENARIO E TOMAS ELÉCTRICAS.

Dende a hora da chegada dos equipos do ARTISTA.

### 11.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico, que terá unha duración de ..... (CIFRA) horas aproximadamente, e que se realizará na tarde do día do concerto. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

### 11.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

A actuación comezará con estrita puntualidade.

A apertura de portas ó público producirase ás ..... (CIFRA) horas. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados os ensaios técnicos do/da ARTISTA e dos TELONEIROS, se é o caso.

### 12. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do O CONCELLO, antes do día ..... de ..... de 2008, o seguinte material publicitario do/da ARTISTA:

CARTEIS.- ..... (CIFRA) unidades, dimensións (largo, longo).

DOSSIER ARTÍSTICO.-

FOTOGRAFÍAS.-

A distribución dos carteis do ARTISTA será por conta do CONCELLO.

### EDICIÓN DE MATERIAL COMPLEMENTARIO.

O CONCELLO editará unhas bandas para complementar a cartelería que conterán os datos da realización do concerto (lugar, día, hora; prezo de venda das localidades).

### 13. LOCAL DE ACTUACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e instalacións necesarias para a actuación que se describen neste documento.

Ambas as partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións de produción do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e para un só efecto, no lugar e data indicados.

### **83(617).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL, MARZO 2010. EXPTE. 19820/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión, do 26.04.10, conformado pola xefa do

Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 8.353,93 €. correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras-O.S.P.I.O, Mobilidade e Seguridade, Conserxería, Participación Cidadá, Desenvolvemento Local, Cemiterios, Benestar Social, Museo Castrelos, Parque Móbil, Sanidade, Montes, Parques e Xardíns, Inspección de Tributos e igualdade, correspondentes ao mes de marzo 2010, aínda que tamén se inclúen algúns dos meses de xaneiro e febreiro de 2010 con cargo á clasificación económica do orzamento 2312000 -Gastos de Locomoción.

	SERVIZO	TOTAL
1620	Limpeza	262,20
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.569,07
1330	Mobilidade e Seguridade	696,54
9220	Conserxería	515,28
2410	Emprego Desenvolvemento Local-Participación Cidadá	116,19
1640	Cemiterios	11,40
2310	Benestar Social	57,12
3330	Museo de Castrelos	68,40
9222	Parque Móbil	231,20
3134	Sanidade	274,00
1710	Montes, Parques e Xardíns	440,03
9310	Inspección de Tributos	1.783,91
2311	Igualdade	328,59
	TOTAL	8.353,93

**84(618).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE NOVEMBRO -2009 E MARZO-2010. EXPTE. 19810/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.04.10, e de acordo co informe-proposta da técnico de Recursos Humanos, do 23.04.10, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente os meses de NOVEMBRO-2009 E MARZO-2010 (Inclúe horas de Xaneiro a Outubro-2009) con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Miguel Angel Alonso Alonso	Novembro-2009	363,00
Central	De Guillermo Abelleira Porrua a José A. Rodríguez Souto	Novembro-2009	304,00
Limpieza	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Novembro-2009	65,00
Parque Central (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Novembro-2009	69,00
Parque Central (Patrimonio Hist.)	De José A. Comesaña Davila a Oscar Molares Bargiela	Novembro-2009	42,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a Florentino Prieto Domínguez	Novembro-2009	391,00
Desinfección	De Higinio Durán Cabobianco a José Manuel Sousa Atrio	Novembro-2009	106,00
OSPPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero-Gil Delgado	Outubro-2009	180,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Novembro-2009	79,00
Alcaldía (Condutores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Marzo-2010	207,00
Vías e Obras	De José Luis A. Agra Abalde a Rodrigo Rodríguez rocha	Novembro-2009	358,00
Bombeiros	De Francisco J. Abreu Torres a Carlos Vila Da Vila	Marzo-2010	2.105,00
Bombeiros (Oficinas)	De Mª Luz Palmás Calvar	Novembro-2009	41,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Vázquez Rial, Ramón	Novembro-2009	139,00
Montes, Parques e Xardíns	De Joaquin Domínguez Casales a José Luis Vidal Alvarez	Novembro-2009	339,00
1ª Tenencia Alcaldía	De José Luis Pérez Costas a Manuel A. Vázquez Martínez	Marzo-2010	74,00
Cultura	De Ramón Vázquez Martínez	Novembro-2009	48,00
Conserxería	De Mª Teresa Vaqueiro Herbello	Novembro-2009	14,00
Policia Local Xulgados	De Constante Alonso Caride a José Vila Campos	Marzo-2010	1.239,00
Policia Local Horas en exceso	De Juan Pablo Alonso Rodríguez a José Manuel Villar Fernández	Marzo-2010	1.150,60

O montante do presente expediente ascende a un total de 68.775'46 € (SESENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E CINCO CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS).

**85(619).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.